



***CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A
ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA (AELG) PARA A REALIZACIÓN
DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO LIBRO E DA LECTURA***

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar convenio coa ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA, por un período de vixencia que abrangue dende o 6 de xuño de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A realización de actividades de promoción e difusión do libro e da lectura, tales como:
A organización das Polafias, organización da Gala do Libro Galego, gravación de contidos para a web da AELG, organización de obradoiros de creación literaria, dixitalización para o Centro de Documentación de Escritores/as da web da AELG e “O/a escritor/a na súa terra 2017”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Asociación de Escritores en Lingua Galega é a que ten entre os seus fins a promoción e difusión do libro e da lectura.

Polo que a Asociación de Escritores en Lingua Galega é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterio obxectivos, así coma o de beneficiario da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante o asinamento dun contrato dos contemplados no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2017

